

ACTA

Nº 48 Ano 2016.

En Santiago de Compostela, previa convocatoria, reúnese o Comité de Seguridade e Saúde Intercentros na sala de xuntas E, no Edificio Administrativo de San Caetano, sendo as 11,10 horas do día 16 de marzo de 2016, tratándose os diferentes puntos da Orde do Día.

ASISTENTES:

REPRESENTANTES DA EMPRESA:

Posto _____

S.X. Presidencia

D.X. Avaliación e Reforma

D.X. Función Pública

S.X. Emprego

REPRESENTANTES DOS TRABALLADORES

Organización Sindical

CC.OO.

UGT

CSI-F

CIG

Asiste ademais o Servizo de Prevención de Riscos Laborais, e un representante do servizo de prevención alleo Mugatra.

O Presidente propón, e así acordase, introducir un punto 3 para informar sobre tres escritos dirixidos a este Comité Intercentros.

1- Lectura e aprobación da última acta:

Acórdase por unanimidade aprobar a acta da anterior xuntanza.

2.- Presentación e debate da memoria das actividades preventivas realizadas no ano 2.015, pola Administración Xeral da Xunta de Galicia:

a) Xestión da Prevención.- A Administración informa que recentemente deuse de novo o contrato de colaboración na actividade preventiva a Mugatra, para os próximos dous anos.

b) Sinistralidade.- A Administración presenta as cifras do pasado ano, que reflicten de novo un incremento no número de accidentes de traballo, seguindo a

negativa tendencia observada nestes últimos catro anos. Co obxecto de ter unha visión mais completa, CCOO aporta un pequeno estudio coa evolución dos datos de sinistralidade desde o 2.010. CIG propón actuacións concretas no colectivo de traballadores e traballadoras maiores de 55 anos, unha maior preocupación polo aumento das agresións e unha atención os maiores accidentes por sobreesforzo no colectivo de persoal administrativo. CSIF propón un plan de choque para frear a sinistralidade nas categorías cunha maioritaria presenza feminina, que deberían ser non so formativas senon tamen organizativas. UGT observa tamen con preocupación o aumento no número de accidentes sen baixa e tamen no das agresións. CCOO mantén que debemos volcar unha parte importante dos esforzos nos centros de atención, que ofrezan as peores cifras de sinistralidade, decisión que o parecer tomouse recentemente no Comité de Seguridade de Traballo e Benestar. A Administración informa que xa na programación do 2.016 contemplase unha batería de medidas de formación e información para o persoal dos centros de atención, que seguisen sendo obxecto dun seguimento especial. Tamen destácase coma positivo a mellora dos datos na outra gran consellería, a de Medio Rural, que non chegan para paliar o mal resultado global. Constátase o estancamento no número de enfermidades profesionais declaradas e na porcentaxe de sinistros laborais investigados, que segue sendo alta, no entorno do 85% de todos os accidentes habidos. Informase de que o accidente moi grave habido no pasado ano, foi o dunha traballadora que sufriu un ataque o corazón, e adiantase que no primeiro trimestre deste ano, levamos polo mesmo motivo, un par de mortes. As de dous traballadores, que sufriron sendos ataques, cando regresaban do traballo no autobús.

c) Avaliacións.- A Administración informa de que no pasado ano incrementouse o número de avaliacións realizadas. CIG pide unha mellor comunicación entre as partes implicadas, a hora de levalas adiante. UGT considera que o formato documental no que presentanse estas avaliacións é un pouco farragoso, polo que solicita que se modifique o formato de presentación. Mugatra informa de que o modelo existente é o de sempre, pero que existe outro de mellor visualidade, na próxima xuntanza comprométense a traelo para o seu debate.

d) Vixilancia da saúde.- A Administración informa que o número de recoñecementos foi similar aos de anos pasados, e onde hai continuos incrementos é no número de solicitudes de recoñecemento médico, para calificar a aptitude para o posto. CIG e UGT reiteran que os protocolos non aplícanse axeitadamente.

CSI•F solicita información respecto de se xa está dispoñible o procedemento de remisión telemática dos informes dos recoñecementos médicos específicos (tales como o xinecolóxico ou urolóxico) de forma análoga, ao establecido para o xeral. O representante de Mugatra confirma que, na actualidade, xa está dispoñible tamén este servizo, para os recoñecementos específicos, de igual forma que para o xeral.

Victor Gallego, sendo as 13, abandona a reunión.

e) Formación.- A Administración informa dos datos aportados, sen que se suscite debate.

d) Participación.- A Administración informa das xuntanzas habidas nos diferentes Comités de Seguridade e Saúde Laboral. A parte sindical amosa a súa protesta, xa que desde a creación deste Intercentros no ano 2.004, o 2015 foi o ano no que se convocaron menos reunións, so 16 en total, entre os 18 Comités. No ano 2.006 chegaron a facerse 49, e no ano anterior ó desta memoria houbo 27. A parte sindical manifesta a súa intención de presentar para a próxima xuntanza unha proposta de nova

conformación dos comités, para intentar darlle un pulo a esta cuasi paralización actualmente existente.

3.- Contestación escritos dirixidos o Presidente do Comité:

O Presidente informa de que un Delegado da Sección Sindical da CIG, en Medio Rural – Ourense, remitiu escrito con data de entrada 14/12/15 solicitando unha avaliación de riscos específicos para as categorías profesionais do SPDCIF. O Presidente informa de que remitíralle escrito contestando que esta cuestión debe presentala ante o Comité de Seguridade e Saúde Laboral do persoal do SPDCIF.

O Presidente informa de que o Coordinador do Sector da Autonómica de CCOO de Galicia, remitiu escrito con data de entrada 07/01/16, solicitando que se regule o dereito de calquer empregada ou empregado público de asistir acompañado dun compañeiro ou compañeira as dependencias da mútua para ser atendido, por ter sufrido un accidente laboral. O Presidente informa de que remitíralle escrito manifestando que esta cuestión, xa foi prantexada polo representante do seu sindicato na anterior xuntanza, e a resposta dada pola Administración foi que era unha cuestión que non é competencia deste Comité, xa que o relativo a permisos entra no ámbito de Función Pública, onde poderá dirixirse.

O Presidente informa de que acaba de ter entrada outro escrito presentado pola CIG Ensino, no que solicitan debatir sobre a cuestión dos recoñecementos médicos do persoal de centros de ensinanza. O Presidente informa de que remitíralle escrito indicando que dita cuestión ten que prantexala ante o Comité Intercentros de Seguridade e Saúde do ámbito de Educación.

4.- Rogos e preguntas:

CCOO pregunta para cando o persoal do Servizo Médico de San Caetano poderá ter acceso o historial clínico do persoal funcionario e laboral que atenden. O Presidente informalle que a pesares das xestións realizadas, ata o día de hoxe, a Dirección do Sergas négase en facilitar este acceso ó persoal médico que non pertenza a dito organismo autónomo.

CIG pregunta se vanse realizar medicións de gas radón nos edificios da Xunta de Galicia. A Administración manifesta que polo de agora non vanse facer medicións, xa que non hai datos que as xustifiquen.

CSI•F expón a problemática xurdida das enfermidades orixinadas como consecuencia do traballo , as cales non poden ser catalogadas como enfermidades profesionais polo respectivo RD, pero que deben ser consideradas como accidentes de traballo ao ser derivadas da actividade laboral (pero que a mutua négase a recoñecer como accidente laboral). Concretamente, ponse de manifesto os casos ocorridos en diversas Residencias de Política Social, con epidemias de gripes ou escabiosis que afectaron as traballadoras e traballadores, os cales, ao non se lle considerar accidente laboral, estáselles a producir perdas económicas importantes. O representante do Servizo de Prevención informa que é consciente desta problemática, e que xa instaron a Mutua a procura dunha solución ao respecto. Así, están á espera do informe dos servizos xurídicos da Mutua respecto desta casuística, e que unha vez que dispoñan do referido informe, e en función do seu contido, valorarán as medidas a adoptar.

Levántase a sesión, sendo as 13,30 h.